

17 Maio

1990

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



“De suteque sorprendín a mañá
entrando na vila,
cantando da mao da fina chuvia.
Cos pes espidos e mollados
viña dos camiños verdes, profundo.
Dedos de vento transparentes, baleiros,
en bruñidas bandexas.
Skerzo da zoca na acera.
Leda canción.
E debaixo do mantel de liño fresco
a muller do obreiro leva as doce campanadas.
(...)”

Sombra do aire na herba (1959)

“Gostaba moito da música e apasionába Debussy. Pensaba que compría facer un ballet galego a base de música e danzas populares, matinando para eso en futuras hipotéticas escenografías dalgún pintor noso.”


Historia da literatura galega (1984), Francisco Fernández del Riego

Luis Pimentel

(Lugo, 1895 – 1958)

Foi un poeta e médico galego. Estudou Medicina en Santiago de Compostela e doutorouse en Madrid, onde trabou amizade cos membros da xeración do 27. De volta en Lugo acadou a praza no hospital municipal e comezou a colaborar cos seus poemas en diversas publicacións coma *Ronsel*, *Nós* ou *El Progreso*. A súa poesía mestura o simbolismo e a influencia dos movementos de vanguarda co realismo, coa sinxeleza do cotiá e, chegado o momento, coa caraxe provocada pola inxustiza.

GRANDES ÉXITOS



1950

Triscos (1950) é o único poemario que publicou en vida e fíxoo en Pontevedra, na *Colección Benito Soto*.



1959

Sombra do aire na herba (1959) é un poemario que aparece ao ano seguinte do seu falecemento e que recolle parte da súa obra poética en galego. Publicouno a editorial Galaxia e incluía os oito poemas de *Triscos*.



1981

Poesía enteira (1981), publicado por Edicións Xerais, é unha escolma que recupera novos textos do autor, entre eles “Cunetas”, que denuncia o horror da guerra.

